

# **PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR**

***A biblioteca, medio de  
coñecemento activo***

**CURSO 2012-2013**

**BIBLIOTECA do**

**IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ**

## **Xustificación**

O IES Antón Losada Diéguez da Estrada contou neste curso 2011-2012 con 539 alumnos: 134 da ESO, 74 de Bacharelato, 174 de Ciclos Formativos, 120 de Adultos e 37 de PCPI. O número de profesores é de 65, 28 deles imparten clases nos Ciclos Formativos. O persoal non docente está formado por dúas administrativas e tres bedeis.

Ademais, no noso Centro, funciona unha sección da Escola de Idiomas de Pontevedra, con 264 alumnos, que tamén son usuarios da Biblioteca.

- A maioría do alumnado procede de familias de renda media-baixa e, en xeral, apréciase que a maioría das familias non conta na súa vivenda con fondos documentais para apoiar a educación dos seus fillos e fillas.

- A existencia dunha Biblioteca ben dotada e actualizada é fundamental na educación do alumnado, proporcionándolle os recursos necesarios para unha educación de calidade de cara a unha educación integral e un mellor futuro laboral e/ou académico.

- O desenvolvemento do proxecto é imprescindible para cubrir as necesidades dun alumnado tan variado e diverso coma o noso, temos alumnado desde 1º da ESO a Ciclos Superiores de Formación Profesional, alumnado inmigrante e con necesidades especiais, PCPI, Adultos. É, sobre todo, necesario, facer un esforzo de promoción da lectura e uso da Biblioteca entre o alumnado e as familias.

- No traballo levado a cabo desde a Biblioteca é importante ter en conta a perspectiva de xénero, como unha parte fundamental á hora de compensar as desigualdades sociais. Aplicarase de forma transversal a análise e o enfoque de xénero na análise, planificación, adquisición de fondos, programación de actividades e avaliación.

- A biblioteca atópase na planta baixa, na entrada do Instituto, con acceso axeitado para persoas con discapacidade física. Ten unha planta de forma rectangular, sendo a súa superficie insuficiente para acoller os fondos e poder desenvolver outras actividades.

O espazo distribúese entre: os andeis onde se expoñen os libros e outros documentos; as

mesas e cadeiras da zona de traballo, préstamo e rexistro; e mesas con ordenadores. As mesas e cadeiras son antigas, resultan pouco atractivas e son incómodas, non favorecendo a permanencia dos usuarios na biblioteca. Ademais o espazo está moi apertado, dificultando o tránsito e a consulta dos fondos expostos. Para a renovación do mobiliario contamos coa colaboración do Ciclo de Madeira.

- A Biblioteca debe tamén impulsar o remate da redacción do Proxecto Lector do Centro, que, iniciada a súa elaboración, aínda está sen aprobar. Os déficits no hábito lector e en comprensión lectora, nas distintas materias, fannos considerar imprescindible a posta en marcha do Proxecto Lector, en cuxa elaboración e desenvolvemento a biblioteca debe ter un papel central.

- O Instituto supón para a maioría do alumnado, sobre todo para o procedente das aldeas do rural, o lugar máis próximo onde acceder ás canles de información e formación. Así, debemos permitir ao alumnado o acceso á documentación escrita e audiovisual, ademais das novas tecnoloxías, fundamentais para a súa educación.

- A biblioteca escolar non debe ser un espazo pechado, á marxe da vida académica, senón que debe ocupar un lugar central na programación de aula das distintas materias. Desde a utilización didáctica do propio espazo físico da biblioteca ata a colaboración cotiá con todo o profesorado, cos equipos educativos e coa ANPA. A posta en práctica deste proxecto ten como obxectivo último conseguir unha integración natural da biblioteca e os seus recursos no proxecto educativo global, que debe contribuír á adquisición das competencias básicas, pero tamén debe mellorar a calidade de vida dos membros da comunidade educativa.

- A Biblioteca escolar e as funcións vinculadas a ela necesitan un impulso que, pensamos, pode proceder do desenvolvemento deste proxecto. A chegada do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares considerámola fundamental, non só desde o punto de vista económico, senón tamén como estímulo moral á participación e implicación de tódolos membros da comunidade educativa nunha tarefa apaixonante, pero que necesita de

tódolos apoios para obter resultados.

- Para a consecución dos obxectivos o profesorado do equipo necesita unha maior formación como usuarios e dinamizadores. A consecución da axuda do PLAMBE e o compromiso que isto supón, é case que imprescindible para conseguir esa axeitada preparación.

- Contamos cun equipo de profesores e profesoras amplo, diverso e entusiasmado co traballo a realizar (moitos deles xa colaboraron neste curso no club de lectura), unha condición imprescindible para conseguir os obxectivos dun proxecto escolar coma este. E tamén contamos co apoio unánime do Claustro, do Consello Escolar e dos outros órganos de goberno do Centro.

### **Necesidades en materia de equipamento e colección**

- Renovación do mobiliario (cadeiras, mesas, andeis, persianas, etc.).

- Renovación da iluminación.

- Nova distribución do espazo (ver planos ao final).

- Mobiliario específico para a zona de 'lectura informal'.

- Carriños regulables para transportar os fondos polo Centro (bibliotecas de aula 'móviles')

- Pintar as paredes con cores atractivos.

- Ampliación e actualización dos fondos das materias científico-tecnolóxicas, Educación Física, Música, Inglés, Francés, Ciclos Formativos, en todos os formatos (libros, revistas, audiovisuais, informáticos, etc.).

- Ampliación e singularización dos fondos que permitan a análise e o coñecemento das desigualdades de xénero, e contribúan a superación das mesmas.

- Crear un colección específica de recursos para atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

- Crear unha colección específica de recursos para fomentar a integración do alumnado inmigrante.

- Crear unha colección específica de recursos bibliográficos e dixitais sobre formación de usuarios e dinamización da biblioteca escolar.
- Ampliar e actualizar as subscricións periódicas
- Ampliar e actualizar os fondos audiovisuais: DVDs, CDs, etc.
- Recursos informáticos (programas, xogos, etc.) a instalar nos ordenadores a disposición do alumnado.
- Auriculares para os ordenadores.
- Lector de libros electrónicos
- Impresora para uso do alumnado.
- Moble expositor dos xornais diarios.
- Actualización periódica dos fondos coas novidades editoriais.
- Mercar un número de exemplares 'suficiente' dos libros de lectura propostos nas distintas materias.

### **Obxectivos**

- Facer da biblioteca un lugar de encontro, comunicación, lecer e centro de recursos para a aprendizaxe.
- Ampliar as posibilidades de uso pedagóxico da Biblioteca escolar.
- Fomentar a participación do profesorado na organización da Biblioteca como centro de documentación e recursos ao servizo de toda a comunidade educativa.
- Promover actividades de mellora da escritura e da lectura.
- Contribuír ao fomento da lectura, facilitando ao alumnado o acceso á información e a todo tipo de recursos para a aprendizaxe de áreas e materias, e a adquisición das competencias.
- Contribuír á superación das desigualdades sociais no eido educativo: capacidade, xénero, económicas, raciais, etc.
- Fomentar o coñecemento e uso da Biblioteca por parte das familias do

alumnado.

- Mercar un mobiliario atractivo e funcional que facilite o uso da biblioteca como espazo de lectura e consulta.
- Impulsar o uso das TICs, fomentado a utilización responsable e educativa dos ordenadores.
- Impulsar e apoiar a realización de actividades que supoñan o uso da TICs na localización, selección e tratamento da información.
- Mellorar o coñecemento e uso das publicacións periódicas.
- Desenvolver un Plan de Formación de Usuarios cun conxunto de actividades adaptadas ás distintas etapas educativas.
- Equilibrar os fondos das distintas seccións da Biblioteca, tanto temáticos (áreas de coñecemento) como no tipo de soporte (vídeos, discos, xogos didácticos, etc.).
- Organizar e sinalizar os recursos de modo que sexan facilmente accesibles e localizables para todos os usuarios.
- Establecer uns mecanismos para recibir as propostas de compra, do profesorado, alumnado e familias.
- Actualizar o apartado destinado á Biblioteca na páxina web do Centro.
- Impulsar o desenvolvemento das actividades do Club de Lectura *Os retelladores do galiñeiro*, como un elemento fundamental na consecución dos obxectivos propios da Biblioteca.
- Usar e actualizar o blog do club de lectura.
- Promover o coñecemento dos fondos por distintos medios: exposicións, páxina web, blogs, taboleiros de anuncios, guías de lectura, exposicións temáticas ou de novidades, etc.
- Difundir as normas de uso e o funcionamento da Biblioteca, e implicar no seu

desenvolvemento diario ao profesorado e ao alumnado.

- Rexistrar e centralizar a xestión dos materiais situados noutras dependencias do Centro (aulas, departamentos, etc.)
- Retirar os fondos xa deteriorados ou fóra de uso.
- Actualizar e ampliar a oferta de publicacións periódicas (xornais, revistas, etc.).
- Creación dun carné de lector.
- Impulsar o desenvolvemento de actividades de aula no espazo da Biblioteca.
- Participar nas diferentes actividades e conmemoracións programadas no Colexio.
- Establecer os criterios e mecanismos de avaliación do funcionamento da Biblioteca partindo dunha Avaliación Inicial.
- Impulsar as relacións con outras bibliotecas, institucións e organizacións relacionadas coa cultura e o coñecemento, nomeadamente cos centros educativos e coa Biblioteca municipal da Estrada.
- Crear un mecanismo de colaboración permanente coas bibliotecas dos outros centros de Secundaria da localidade: préstamo de fondos e actividades conxuntas.

### **Tipo de organización e funcionamento**

A Biblioteca será xestionada por un equipo multidisciplinar formado por un profesor responsable, que terá unha adicación exclusiva dun mínimo de 6 horas semanais, e un grupo de profesores de apoio, cun mínimo de 2 horas semanais de adicación á Biblioteca.

As horas destinadas á biblioteca do profesorado do equipo figurarán no seu horario como gardas de biblioteca. Procurarase que cubran o maior parte período lectivo, evitando a coincidencia de dous profesores do equipo na mesma sesión. Nos recreos tamén se priorizará a presenza na biblioteca do profesorado

O equipo da Biblioteca contará cunha hora semanal de reunión no seu horario do curso 2012-2013, para desenvolver e avaliar o Proxecto.

O equipo de biblioteca realizará as seguintes tarefas:

- Continuar o proceso de expurgo e catalogación tanto dos fondos xa presentes na biblioteca como dos localizados noutras dependencias e as novidades.
- Preparar ao inicio do curso o Plan de Formación de Usuarios e organizar as sesións de formación de usuarios tanto da biblioteca como do programa OPAC MEIGA de búsqueda de información.
- Organizar sesións ao longo do curso de búsqueda de información tanto a través de soportes informatizados (páxinas web, CDs e DVDs interactivos) como noutros soportes.
- Preparar e organizar actividades de dinamización da lectura, e da biblioteca como centro de recursos.
- Elaborar a memoria anual da biblioteca.

Entre o profesado do equipo farase unha distribución de tarefas por grupos de traballo: Fomento da lectura; Mobiliario e equipamentos; Informática; Xestión dos fondos; Formación de Usuarios; Plan Lector; Club de Lectura, etc. Un mesmo profesor pode pertencer e/ou colaborar con máis dunha comisión.

A Biblioteca permanecerá aberta durante todo o período lectivo e no recreos, cun profesor de garda. En todo ese período poderá realizarse préstamos, e calquera profesor/a terá a facultade de poder realizar préstamos e asesorar aos usuarios, sexa membro ou non do equipo da Biblioteca.

- Horas de recreo: haberá un profesor de garda de biblioteca en cada unha das dúas sesións diarias de recreo que se encargará de tramitar os préstamos e de velar polo respecto das normas de uso da biblioteca e dos seus fondos. Así mesmo encargárase de organizar o uso dos ordenadores por parte do alumnado.



- Horas lectivas: a biblioteca poderá ser utilizada polo profesorado que así o desexe en horas lectivas. Para iso só deberá apuntarse con antelación no Libro de Reserva de Horas da Biblioteca.
- Horas de actividades complementarias: a biblioteca poderá ser usada como sala de actividades complementarias, como as reunións do Club de Lectura 'Os retelladores do galiñeiro' ou encontros coas familias.

## ACTUACIÓNS

### XESTIÓN TÉCNICA E ORGANIZACIÓN

ACTUACIÓNS	TRIMESTRE		
	1º	2º	3º
Renovación do mobiliario e da iluminación, en colaboración do Ciclo de Madeira.			
Creación dun espazo de lectura informal.			
Instalación dunha impresora para uso didáctico do alumnado.			
Compra dun lector de libros electrónicos.			
Compra dun expositor con rodas.			
Compra de dous carriños regulables.			
Modificación e instalación de carteis sinalizadores das distintas seccións da biblioteca.			
Equipar a Biblioteca con recursos adaptados ao alumnado con necesidades educativas especiais.			
Instalar nos ordenadores do alumnado documentos audiovisuais e electrónicos: música, audio-libros, fotografías, películas, documentais, libros electrónicos, bases de datos, xogos, etc.			
Retirar dos expositores e substituír (se o consideramos necesario) os materiais deteriorados ou fóra de uso.			

Actualización dos fondos			
Incrementar o número de subscricións de publicacións impresas ou informáticas periódicas.			
Mercar documentos específicos para a atención á diversidade, ao alumnado inmigrante, con necesidades educativas especiais, etc.			
Mercar xogos didácticos que poidan empregarse na biblioteca ou nas aulas baixo a supervisión do profesorado.			
Negociar co Concello (e outras institucións) a posibilidade de contar cunha persoa que axude na da xestión da Biblioteca.			
Rexistro de documentos, tanto os depositados na biblioteca como os depositados nas aulas e departamentos.			
Creación dun equipo de colaboradores formado por un alumno/a elixido en cada titoría			
Creación dun carné lector individualizado.			
Establecer mecanismos de cooperación cos Equipos e Departamentos, nomeadamente co Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias, Departamento de Orientación e Equipo de Dinamización Lingüística.			
Fixar uns mecanismos de comunicación e colaboración coas titorías, a través das xefaturas de estudos.			
Establecer canles de colaboración con outros equipos, clubs e bibliotecas, singularmente coas bibliotecas dos centros escolares do Concello da Estrada.			

### DINAMIZACIÓN

As actividades previstas poderán destinarse a toda a comunidade educativa ou só a uns cursos concretos, en función da valoración feita polo Equipo da Biblioteca en coordinación

coa Comisión de Coordinación Pedagóxica, as Xefaturas de Estudo, o Departamento de Orientación e as titorías. Do mesmo xeito, unha actividade como as Xornadas ou as Conmemoracións poden incluír actuacións distintas, adaptadas aos diferentes niveis educativos. En tódolos casos, preténdese que todo o alumnado participe da dinámica establecida pola Biblioteca, nomeadamente o alumnado de PCPI, Reforzo, Adultos e Ciclos. Tamén se terá sempre presente o fomento da participación das familias nas mesmas.

Moitas das actuacións detalladas na táboa, sobre todo aquelas que supoñen a participación do alumnado, teñen unha repercusión que transcende ao apartado no que están incluídas por cuestións de orde. Por exemplo, as visitas das titorías á Biblioteca, non só contribúen a formación de usuarios, senón que tamén son un medio de fomentar a lectura, difundir os fondos ou estender o uso das TIC.

As Xornadas previstas poden incluír distintas actuacións que van máis alá do fomento da lectura: proxecto lector, educación en información, atención ao estudo e as desigualdades, dinamización cultural do centro, integración da cultura impresa e dixital, difusión dos fondos, etc.

As Xornadas, a colaboración nas actividades programadas no Centro e outras actuacións, inclúen actividades concretas sinaladas nos distintos apartados da programación: charlas, proxeccións, certames, exposicións, busca e tratamento da información, ambientación, etc.

ACTUACIÓNS	TRIMESTRE		
	1º	2º	3º
FORMACIÓN DE USUARIOS			
Participación do profesorado do Equipo en actividades de formación, presenciais ou na rede, sobre a Biblioteca e o programa MEIGA.			
Elaboración dun Plan de Formación de Usuarios.			
Creación e actualización dunha colección de fontes bibliográficas e dixitais sobre organización e uso das bibliotecas escolares			

Desenvolvemento de visitas guiadas para o alumnado de todos o grupos do Colexio a través das titorías, para dar a coñecer a organización da biblioteca, CDU e o programa MEIGA. Establecer un calendario de visitas para procurar que todas as titorías visiten a Biblioteca unha vez por trimestre, como mínimo.			
Elaborar, editar e difundir entre os membros da comunidade educativa unha guía breve sobre a utilización e localización dos fondos da biblioteca.			
Realización dun vídeo (por parte do alumnado) para dar a coñecer a organización, funcionamento e outras características da Biblioteca.			
Deseño e realización de concursos, xogos e outras actividades para os distintos niveis educativos do Colexio sobre o funcionamento e organización da Biblioteca.			

#### EDUCACIÓN PARA O ACCESO A INFORMACIÓN

Concurso tipo 'Olimpiada do saber' para fomentar a aprendizaxe e o manexo da información recollida nos documentos da Biblioteca en calquera formato.			
Difusión dos medios informáticos para localizar os fondos da biblioteca (MEIGA, web do centro, etc.)			
Dar a coñecer e fomentar o uso do material da biblioteca destinado a consecución dunha maior competencia na búsqueda, selección e análise da información, facendo fincapé en Internet (webs e blogs de biblioteca, literarios, banda deseñada, etc.)			
Actividades de localización dos fondos e búsqueda de información, por titorías e niveis,			

#### FOMENTO DA LECTURA

Información e difusión da existencia do Club de Lectura <i>Retelladores do Galiñeiro</i> a través de folletos, carteis, blogs, correo electrónico, etc. Creación dun Club de Lectura de maiores (profesores, pais, persoal non docente).			
Difusión das actividades levadas a cabo pola Biblioteca e/ou o Club de lectura a través dos medios de comunicación.			
Mantemento da Mesa de intercambio, situada na entrada do Instituto, onde se deixan documentos en calquera formato a disposición do público, que pode quedarse con el en propiedade ou devolvelo á mesa unha vez utilizado.			
Elaboración dunha Guía de Lecturas do Nadal			
Elaboración dunha Guía de Lecturas do verán			
Xornadas: <i>Os libros esquecidos</i> sobre os fondos menos requeridos polos usuarios			
Xornadas: <i>Banda Deseñada</i>			
Xornadas: <i>Poesía</i>			
Exposición de libros antigos (Asociación <i>O Fervedeiro</i> , fondos da Biblioteca e achegas individuais)			
Premios para os mellores lectores trimestrais das distintas etapas educativas, do profesorado e das familias.			
Elaboración e reparto entre a comunidade educativa de marca páxinas da Biblioteca, deseñado polo alumnado			
<b>PROXECTO LECTOR</b>			
Constitución dun equipo de profesores encargado da redacción definitiva do Proxecto Lector do Centro			

Crear e espallar o uso dunha Axenda de Lecturas entre os usuarios da Biblioteca.			
Elaboración e difusión de recomendacións de lectura, axeitadas para as distintas etapas.			
Elaboración de carteis e letreiros para anunciar fondos e actividades da Biblioteca nos espazos comúns.			
Creación dunha colección de recursos para o fomento da lectura			
Organización, dotación e posta en funcionamento das 'bibliotecas móbiles de aula', en función dos distintos niveis educativos, coa colaboración de ciclos e departamentos.			
Organización de visitas para as distintas etapas educativas de escritores, ilustradores, animadores culturais, contacontos, actores, etc.			
Certame de Relatos de Medo			
Concurso de creación: fotografía e texto (25 de novembro)			
Concurso para o deseño dun logotipo e dunha mascota da Biblioteca			
Certame de lectura en voz alta: poesía escrita por mulleres (8 de marzo)			
Exposición e concurso: As escritoras da nosa biblioteca (8 de marzo)			
Concurso de poesía de amor			
Concurso de conta contos			
Realización de enquisas sobre os hábitos lectores			

DINAMIZACIÓN CULTURAL DO CENTRO

Exposicións temáticas			
Colaboración nas conmemoracións e actividades organizadas no Centro (ambientación da Biblioteca, exposición de fondos alusivos, charlas,			

xogos, proxeccións, etc.): Día da Non Violencia contra as Mulleres, Día da Paz, Día da Muller, Día do Medio Ambiente, etc.			
Concurso de disfraces inspirados en obras literarias no Entroido			

## APOIO AO ESTUDO E COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES

## SOCIAIS

Colaboración co Departamento de Orientación para a organización de actividades e saídas culturais.			
Compra e actualización de fondos sobre desigualdade de xénero			
Compra e actualización de fondos sobre técnicas de estudo, atención á diversidade e ao alumnado inmigrante, e difusión dos mesmos a través do Departamento de Orientación.			
Elaboración e difusión dunha guía de materiais sobre desigualdade de xénero, para difundir entre o profesorado.			
Compra de libros de texto e material de apoio ao estudo para o alumnado con necesidades económicas, cun réxime anual de préstamo ou a fondo perdido.			
Prioridade á hora da compra de fondos e uso da biblioteca do alumnado do PCPI, reforzo e diversificación.			
Favorecer e fomentar o uso dos computadores por parte do alumnado que non dispoña de acceso á rede na súa casa.			
Organización e desenvolvemento da actividade Mochilas Viaxeiras, para o alumnado da ESO.			
Xestionar descontos nas librarías da Estrada para o alumnado do Club de Lectura e/ou con necesidades económicas.			

---

**ACCIÓNS PARA A INTEGRACIÓN DA CULTURA IMPRESA E DIXITAL**


---

Actualización da sección da Biblioteca na páxina web do Centro.			
Actualización do <u>blog do Club de Lectura</u> .			
Realización dun Ciclo de Cine e Literatura.			
Fomento do uso e préstamo do lector de libros electrónicos.			
Apertura dunha conta da Biblioteca nunha rede social privada (ning)			

**DIFUSIÓN DOS FONDOS**

Creación dunha base de datos cos correo electrónicos do alumnado e das familias.			
Envío da información xerada pola Biblioteca (novidades, actividades, etc.) a través do correo electrónico.			
Exposición de novidades no moble situado na entrada da Biblioteca e habilitación dun andel para 'novidades' no interior.			
Elaboración e difusión de Boletíns de Novidades, publicitados nos taboleiros do Centro e na rede.			
Celebración dun Día de Portas Abertas destinado ás familias, o Día das Bibliotecas.			

**Horario previsto de atención específica (responsable e integrantes do equipo)**

- A Biblioteca permanecerá aberta no horario lectivo.
- Procurarase que o profesorado integrante do equipo cubra coas súas gardas a maioría das sesións lectivas e os recreos.
- Preténdese que a biblioteca permaneza aberta fóra do horario lectivo para a realización de actividades, e como lugar de estudo e búsqueda de información.



## **AVALIACIÓN**

Para a avaliación da organización e funcionamento da Biblioteca partiremos dunha Avaliación Inicial realizada no 1º trimestre en base a unhas enquisas destinadas aos potenciais usuarios: profesorado, alumnado e familias.

Criterios: préstamos realizados e funcionamento do sistema de préstamo informático; modificacións e melloras no equipamento e distribución do espazo; fondos catalogados; organización e dispoñibilidade dos documentos; nivel de formación e capacidade dos usuarios para localizar e utilizar os fondos; grao de uso da biblioteca como centro de recursos; desenvolvemento das actividades de fomento da lectura e resposta aos certames convocados; nivel de utilización e aproveitamento dos recursos dixitais; desenvolvemento do proxecto lector e posibles melloras nas competencias.

Os encargados de valorar os resultados das enquisas e os outros mecanismos de avaliación establecidos ao longo do curso serán os profesores membros do Equipo da Biblioteca que, como mínimo adicarán unha das reunións trimestrais a dito obxectivo. Entre outros métodos, utilizaranse como fonte para a avaliación a caixa de suxestións, enquisas, cuestionarios e o rexistro de préstamos realizados.

Ao rematar o curso o Equipo recollerá da cada Ciclo e Departamento a memoria anual sobre a Biblioteca e o Plan Lector e trasladará ao Equipo Directivo xunto cunha proposta de mellora.